

VI Certame Galego de Banda Deseñada sobre Teatro



**erre
guc
té**
revista galega de teatro

www.errequete.gal

VI CERTAME GALEGO DE BANDA DESEÑADA SOBRE TEATRO

1. Asociación Cultural Entre Bambalinas, editora da **erregueté – Revista Galega de Teatro**, convoca este certame co obxectivo de contribuír, por medio da banda deseñada, á divulgación do teatro galego e portugués.
2. Neste certame poderán participar todas as persoas físicas ou xurídicas, e poderán presentar, cada unha delas, cantas obras desexen.
3. Para o concurso, cada participante deberá adaptar para banda deseñada nunha única páxina o fragmento incluído en anexo da peza *Caixa negra*, de Fernando Epelde, (editado pola **Revista Galega de Teatro** no seu número 74). Dos traballos recibidos, o xurado escollerá a proposta gañadora para encargarlle a adaptación da obra completa. O traballo final deberá ser entregado o 18 de decembro.
4. O texto do traballo será en lingua galega.
5. A extensión da adaptación da obra completa será de 12 ou 16 páxinas, en cor ou branco e negro, a elección do autor ou autora premiada. A capa deberá ser en cor. O formato será DIN A-4 (210mm x 297mm) en soporte papel ou dixital.
6. Os traballos non poderán levar o nome da autora ou autor de xeito visible. Presentaranse en sobre, sen sinatura nin nome, baixo un título ou lema. No seu interior incluírase outro sobre co mesmo título ou lema, e os datos persoais: nome e apelidos, fotocopia do DNI, enderezo postal, teléfono de contacto e enderezo de correo electrónico.
7. A recepción de traballos rematará o día 13 de outubro de 2017, este incluído. Deberán remitirse por correo postal a:

erregueté – Revista Galega de Teatro.

Apartado de Correos nº 210.

CP. 36940 Cangas do Morrazo

8. A organización non se responsabiliza de posibles roturas ou extravíos das obras.
9. O fallo inapelable do xurado darase a coñecer o día 18 de outubro de 2017 a través da web <http://www.erreguete.gal>
10. A organización resérvase o dereito de realizar exposicións públicas con todos os orixinais presentados.
11. Os exemplares non premiados poderán ser reclamados a partir do 19 de outubro de 2017. Os gastos de devolución correrán por conta das concursantes. O orixinal premiado e os orixinais non solicitados, pasarán a formar parte do Fondo Teatral María Casares da Biblioteca Pública de Cangas.
12. Establécese un único premio de 800 euros e a publicación da obra gañadora. O premio en metálico será dividido en dúas entregas: unha primeira entrega de 300 euros no momento de coñecer a decisión do xurado -o 18 de outubro- e unha

segunda entrega de 500 euros no momento da recepción do traballo completo -18 de decembro de 2017.

13. Un xurado cualificado determinará a mellor obra. O premio poderá ser declarado deserto.
14. A participación neste concurso implica a aceptación de todas as súas bases. A organización poderá introducir, se o cre preciso, as modificacións que estime pertinentes para o bo funcionamento do certame. De igual xeito, coidará das obras presentadas pero non se fai responsable da súa integridade.
15. Queda implícita a autorización d@s autor@s da obra premiada para a exhibición ou publicación das imaxes ou do contido das mesmas por parte da **erregueté – Revista Galega de Teatro** para fins de difusión do premio nesta ou en posteriores edicións do mesmo.
16. Para calquera información sobre o concurso, as persoas interesadas poderán dirixirse ao enderezo: revistagalegateatro@hotmail.com

Cangas, a 3 de setembro de 2017

ANEXO I

Fragmento de *Caixa Negra*, de Fernando Epelde

Revista Galega de Teatro nº74 –páxs. 15 e 16-

AIRAS: Que é isto?

RAÚL: Unha cápsula do tempo.

AIRAS: Que?

RAÚL: Outra cinta con cousas daquela... *joder*. Non te lembrás? Sempre levaba este cacharriño comigo... nunca mo atoparon... ou si... pero nin o pensaron. Estaban tan cheos de poder... o poder cega.

EMMA: “Karate Kid”, hai que foderse... só coa música xa m entran ganas de vomitar.

AIRAS: Que máis hai na fita? Como carallo non lle deches isto á policía no seu momento? Pero ti sabes a importancia que pode ter calquera cousa nesas circunstancias?

RAÚL: A ver, *gilipollas*, seino perfectamente! Isto non foi só cousa miña. O da cápsula era un xogo que tiñamos Rafa e mais eu no verán. El lérao nun libro de detectives. Aínda non escoitamos nada e xa me estades botando merda enriba!

EMMA: Pona, coño!

SON: Escoitamos a presión dos dedos sobre o botón da gravadora. A apertura dun grande baleiro. A atmosfera fría tinguese co aire quente máis vello dos infernos. A gravación escóitase ao lonxe e tenue, somerxida nun ambiente de murmurios.



MESTRE RODRIGO: Este é o teu primeiro cinto, Raúl.

RAÚL/NENO: Grazas, mestre.

MESTRE RODRIGO: Primeiro branco, e logo todo un arco iris até chegar ao negro... e cando che entre o negro non fixeches máis que comezar. Porque o negro deberá volveuse branco de novo de tanto traballar... entendes, Raúlciño? Todo sistema contén en si mesmo a semente da... a semente da... a semente da... a semente da... a semente da... (*A fita trabouse*).



CLIC! ó PRESENTE.

RAÚL: Todo sistema contén en si mesmo a semente da súa propia destrución.

AIRAS: O cinto... psicólogo dixo que non me achegase a eles: Nin quimonos, nin cintos. Até deixei de ver pelis de Karate, co que me gustaban. Nunca vin competir a Rafa.

EMMA: Branco. O primeiro.

RAÚL: Nostálxicos? Non vos avergoñedes... foi un inferno... mais tamén foi a nosa infancia.

EMMA: Foi moito tempo.

RAÚL: Se cadra ti tamén deixaches un anaquiño no ximnasio. Cando vós chegastes, eu xa levaba un tempo nos campamentos...

AIRAS: Ti es un ano maior. Cando levabamos a cor branca todo era moi inocente. Eu case non lembro nada. Ti xa tiñas amarelo. Como era todo antes da nosa chegada?

RAÚL: Nesta fita teño algunhas cousas desa época. Do meu ano sen amigos no campamento. No fondo agradecín que viñésedes. Naquel momento só tiña a miña gravadora. Era a miña única amiga.